



**ASUNTO: PROPOSTA DE PUBLICACIÓN NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO ANUNCIO DE LICITACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E SISTEMA MULTICRITERIO, PARA A ADXUDICACIÓN DA "XESTIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE RECEPCIÓN DE DESECHOS MARPOL XERADOS POR BUQUES, DA XESTION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS NOS TERREOS PORTUARIOS E DA XESTION DO SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS DA LAMINA DE AUGA, NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DEPENDENTES DE PORTOS DE GALICIA NO SECTOR SUR" E DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO DEVANDITO PROCEDIMENTO**

De acordo co previsto no artigo 161.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o 17 de agosto de 2010 foi publicado no perfil de contratante de Portos de Galicia o anuncio de licitación, mediante procedemento negociado con publicidade e sistema multicriterio, para a adjudicación da "XESTIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE RECEPCIÓN DE DESECHOS MARPOL XERADOS POR BUQUES, DA XESTION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS NOS TERREOS PORTUARIOS E DA XESTION DO SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS DA LAMINA DE AUGA, NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DEPENDENTES DE PORTOS DE GALICIA NO SECTOR SUR".

No momento da publicación do devandito anuncio fíxose constar no perfil de contratante que o prazo de presentación de solicitudes de participación neste procedemento remataría ás 14:00 horas do día 27 de agosto de 2010, cumprindo co disposto no apartado 11.2 do Cadro de Características do Contrato, no que se dispón que o prazo de presentación de solicitudes de participación rematará ás 14:00 horas do décimo (10º) día natural seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante de Portos de Galicia.

Nembargantes, co fin de ampliar a publicidade do devandito procedemento e outorgar unha maior difusión ao anuncio de licitación do presente contrato para conseguir unha maior concorrencia de empresas interesadas en participar no mesmo así como para posibilitar un mellor estudo dos pregos que rexen a presente contratación e aumentar a calidade das ofertas que, no seu momento, se poidan presentar, o Director de Operacións

**PROPÓN**

**PRIMEIRO.-** Que se dispoña a publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio de licitación do procedemento de adxudicación do devandito contrato, co fin de ampliar a publicidade do devandito procedemento e conseguir unha maior concorrencia de empresas.

**SEGUNDO.-** Que se autorice a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento, fixado no apartado 11.2 do Cadro de Características do Contrato, aumentándoo ata un total de trinta (30) días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, debendo rematar o 16 de setembro de 2010, ás 14:00 horas.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2010

O DIRECTOR DE OPERACIÓNS

Ramón Talín Vidal-





**ASUNTO: ACORDO POLO QUE SE DISPÓN A PUBLICACIÓN NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO ANUNCIO DE LICITACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E SISTEMA MULTICRITERIO, PARA A ADXUDICACIÓN DA "XESTIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE RECEPCIÓN DE DESECHOS MARPOL XERADOS POR BUQUES, DA XESTION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS NOS TERREOS PORTUARIOS E DA XESTION DO SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS DA LAMINA DE AUGA, NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DEPENDENTES DE PORTOS DE GALICIA NO SECTOR SUR" E SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO DEVANDITO PROCEDEMENTO .**

Vistas as razóns expostas na proposta formulada polo Director de Operacións de Portos de Galicia, e en virtude das facultades conferidas de conformidade co disposto no artigo 6.3.g) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e no artigo 9.h) do Decreto 227/1995, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do devandito Ente, o seu Presidente

#### ACORDA

**PRIMEIRO.-** Dispoñer a publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio de licitación, mediante procedemento negociado con publicidade e sistema multicriterio, convocado por Portos de Galicia para adxudicar a contratación da "XESTIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE RECEPCIÓN DE DESECHOS MARPOL XERADOS POR BUQUES, DA XESTION Do servizo de RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS nos terreos portuarios E DA XESTION DO SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS DA LAMINA DE AUGA, NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DEPENDENTES DE PORTOS DE GALICIA NO SECTOR SUR".

**SEGUNDO.-** Autorizar a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento, fixado no apartado 11.2 do Cadro de Características do Contrato, aumentándoo ata un total de trinta (30) días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, debendo rematar o 16 de setembro de 2010, ás 14:00 horas.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2010

O PRESIDENTE

  
  
José Manuel Álvarez-Campana Gallo-

